



observatorio galego
de condicións de traballo

AVALIACIÓN DOS PLANS DE LOITA 2008-2010

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Decembro 2011

Autores: **Héctor González Nóvoa**
Manuel Armada Oya

Revisión: **José Rega Piñeiro**

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral - ISSGA

Índice

[Introdución](#)

[Resultados](#)

[Características das empresas](#)

[Evolución individual](#)

[Evolución en relación co sector](#)

[Análise da evolución agrupada por sectores](#)

[Redución dos Accidentes](#)

[Redución dos Índices de incidencia](#)

[Traballadores](#)

[Representación da evolución](#)

[Significación dos plans](#)

[Resumo e conclusións](#)

INTRODUCCIÓN

No Plan de actividades 2011 do ISSGA, e dentro dos programas a desenvolver no Observatorio Galego de Condicións de Traballo, figura, co epígrafe OGCT5 a avaliación de resultado do Plan de Loita contra a sinistralidade. Este Plan, que ten por obxecto a redución da sinistralidade en empresas concretas, e por extensión en determinados sectores produtivos, consiste fundamentalmente en actuacións de asesoramento técnico e comprobación da aplicación de medidas a empresas nas que concorran ao tempo dúas condicións: que tiveran un nº mínimo de accidentes ao ano (3 ou mais), e que o seu índice de incidencia supere en certa porcentaxe o índice de incidencia do seu sector (+50%). Dende hai anos véñense desenvolvendo plans similares tamén noutras comunidades autónomas, con certas diferenzas de matiz, especialmente na selección e clasificación das empresas.

Dende a creación do ISSGA en 2008, formulouse a conveniencia de avaliar a efectividade desta actuación, tendo en conta que é unha das actividades que ocupa unha importante carga de traballo técnico. Para isto é necesario ter un horizonte temporal suficiente, que permita analizar tendencias e a evolución da sinistralidade das empresas incluídas, máis que os resultados puntuais e inmediatos; houbo que esperar polo tanto a este ano para podermos compilar a información suficiente, que permita dita avaliación.

Estúdanse as empresas seleccionadas nos anos 2008, 2009 e 2010 nas catro provincias de Galicia. Algunhas empresas, por distintos motivos, (peche, cambio de razón social, etc.), cesaron a súa actividade, non sendo pertinente incluílas nesta análise; por ilo, a comparativa faise soamente para as **835 empresas** que mantiñan actividade a decembro de 2010. O parámetro utilizado é o índice de incidencia, por estar menos influído polas variacións de tamaño dos cadros de persoal ou a actividade sectorial que o número absoluto de accidentes. Para a análise da evolución do índice de incidencia, tomáronse para cada unha das 835 empresas, os índices do ano previo á súa inclusión inicial no Plan (**Plan 2008-Sinistralidade 2007** e consecuentemente **P2009-S2008** e **P2010-S2009**) e comparáronse co seu índice á data final (**Sinistralidade 2010**), facéndose interpolación dos datos dos anos intermedios.

Esta avaliación estrutúrase comezando coa análise individualizada da evolución de cada empresa:

- En primeiro lugar, estudase a evolución dos índices de sinistralidade das empresas, dende a súa inclusión por primeira vez no Plan de Loita ata finais de 2010, calculado a partires dos datos de sinistralidade baseados nos partes de accidentes de traballo comunicados polas empresas ao sistema Delt@. Deste xeito pódese comprobar si a empresa mellorou ou non, en termos absolutos.
- Dado que os índices sectoriais tamén evolucionan, pois a sinistralidade vai diminuindo coa mellora das condicións de traballo e outros condicionantes que inflúen sobre a actividade, o estudo reflexa a evolución dos índices de sinistralidade de cada empresa en relación cos índices do seu sector, de forma que se poda ter un marco relativo para determinar a significación da influencia dos Plans de Loita, e de si a mellora de cada empresa é máis ou menos significativa que a do seu sector.

A continuación, analizarase a evolución da sinistralidade das empresas obxecto do estudio, agrupadas por Plans anuais e por sectores de actividade, e a súa relación con estas mesmas variables tomadas para o conxunto de Galicia. Este estudo analiza tamén o número de traballadores, o de accidentes e os valores dos índices de sinistralidade das empresas incluídas nos plans, tanto para o conxunto, como en agregacións por sectores.

Finalmente, e antes de extraer unhas someras conclusións, indícanse as porcentaxes relativas das empresas obxecto deste estudo fronte aos totais de Galicia

RESULTADOS

CARACTERÍSTICAS DAS EMPRESAS

Consideráronse os resultados das 835 empresas incluídas no ámbito de aplicación dos Plans de Loita dos anos 2008, 2009 e 2010.

As empresas seleccionadas presentan as seguintes porcentaxes por sectores:

- Pesca (0,72% / 6 empresas)
- Agricultura (3,23% / 27 empresas)
- Industria (51,50% / 430 empresas)
- Construción (18,08% / 151 empresas)
- Servizos (26,47% / 221 empresas)




Gráfico 01. Distribución por sector das empresas seleccionadas.

As empresas seleccionadas presentan as seguintes porcentaxes por tamaños:

- 0-10 traballadores (14,73% / 123 empresas)
- 10-50 traballadores (57,37% / 479 empresas)
- 50-250 traballadores (24,43% / 204 empresas)
- >250 traballadores (3,47% / 29 empresas)




Gráfico 02. Distribución por tamaño das empresas seleccionadas.

Debe terse en conta que as agrupacións das empresas seleccionadas, tanto por sectores como por tamaños, non son representativas do conxunto das empresas de Galicia. En relación cos sectores, o ISSGA veu desenvolvendo actuacións específicas (por exemplo, os Plans Vixía e Segumar para a pesca ou os Programas CASSCO e de Grandes Obras para a construción), polo que o peso das empresas destes sectores seleccionadas para os sucesivos plans de loita é menor que o que lle corresponde en realidade á actividade sectorial correspondente; este é un factor a ter en conta á hora de tirar conclusións deste estudo, que se cingue exclusivamente aos plans de loita.

EVOLUCIÓN INDIVIDUAL DAS EMPRESAS

Se pretende reflectir a evolución da sinistralidade nas empresas dos Plans, calculando a relación entre o seu índice de incidencia en 2010 e o mesmo índice no ano de inclusión no Plan de loita.

$$\text{Indicador empresa} = \text{ii empresa 2010} / \text{ii empresa orixe}$$

POR SECTORES						TOTAL
Indicador empresa	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI	
0	1	3	69	31	31	135
0,00-0,25	1	2	53	24	27	107
0,25-0,50	2	4	77	44	50	177
0,50-0,75	0	4	90	21	47	162
0,75-1,00	1	7	59	14	20	101
1,00-1,25	0	2	29	3	11	45
1,25-1,50	0	3	21	2	15	41
1,50-1,75	0	0	10	4	6	20
1,75-2,00	0	2	4	1	5	12
2,00-3,00	0	0	8	5	4	17
>3,00	1	0	10	2	5	18
	6	27	430	151	221	835
	0,72%	3,23%	51,50%	18,08%	26,47%	100%
melloran	5	20	348	134	175	682
	83,33%	74,07%	80,93%	88,74%	79,19%	81,68%
	0,73%	2,93%	51,03%	19,65%	25,66%	100%
empeoran	1	7	82	17	46	153
	16,67%	25,93%	19,07%	11,26%	20,81%	18,32%
	0,65%	4,58%	53,59%	11,11%	30,07%	100%

Táboa 03. Indicador da evolución dos índices de incidencia das empresas segundo a si mesmas por sector.

Da táboa anterior obtense que das 835 empresas, o 81,68% (682) melloraron os seus índices de incidencia, e que o 18,32% (153) os empeoraron.

A maior frecuencia de empresas que melloran dáse no tramo 0,25-0,50 (con 177 empresas), o que significa que o indicador mellora, pois nelas o índice de incidencia reduciuse dun 50 a un 75%. Séguenlle as 162 empresas do tramo 0,50-0,75 (reduciron dun 25 a un 50% o índice de incidencia), e logo as que tiveron, no ano 2010, 0 accidentes (con 135 empresas). E dicir que a maioría das empresas que melloran o fixeron dunha forma bastante significativa.

A maior frecuencia das empresas que empeoran dáse nas que aumentan a súa relación nos tramos 1,00-1,25 (con 45 empresas) e de 1,25-1,50 (con 41 empresas); o que indica que as que empeoran (indicador > 1), non empeoran moito. Todo isto pode observarse no gráfico de columnas seguinte.

No tocante ao **comportamento por sectores**, hai que ter en conta que a distribución que ofrecen as empresas seleccionadas presenta grandes diferenzas porcentuais e non reflicten a distribución de empresas no total Galicia, o que debe matizar as valoracións que se podan facer.




Gráfico 08. Distribución das empresas por sectores e valores do seu indicador de evolución con respecto a si mesmas.

Cunha porcentaxe total do 81,68% de empresas que melloraron con respecto a se mesmas e dun 18,32% que empeoraron, a distribución por sectores das empresas analizadas vai dende o 74,07% das empresas que melloran no sector da agricultura (que representan un 3,23% do total) ata o 88,74% das empresas da construción que melloraron (que representan un 18,08% do total).




Gráfico 09. Porcentaxes de evolución das empresas respecto a si mesmas segundo o sector.

A táboa seguinte reflicte a evolución dos índices de incidencia segundo o seu tamaño das empresas seleccionadas, tendo unha interpretación semellante dos valores ca [táboa 03 \(anterior\)](#).

POR TAMAÑO DAS EMPRESAS					TOTAL
Indicador empresa	0-10	10/50	50/250	>250	
0	40	84	11	0	135
0,00-0,25	24	71	11	1	107
0,25-0,50	23	117	36	1	177
0,50-0,75	18	80	56	8	162
0,75-1,00	8	57	28	8	101
1,00-1,25	3	22	18	2	45
1,25-1,50	1	20	17	3	41
1,50-1,75	3	6	8	3	20
1,75-2,00	1	5	5	1	12
2,00-3,00	2	8	6	1	17
>3,00	0	9	8	1	18
	123	479	204	29	835
	14,73%	57,37%	24,43%	3,47%	100%
melloran	113	409	142	18	682
	91,87%	85,39%	69,61%	62,07%	81,68%
	16,57%	59,97%	20,82%	2,64%	100%
empeoran	10	70	62	11	153
	8,13%	14,61%	30,39%	37,93%	18,32%
	6,54%	45,75%	40,52%	7,19%	100%

Táboa 04. Indicador da evolución dos índices de incidencia das empresas segundo a si mesmas por tamaño.

A continuación explícase a análise polo tamaño do cadro de persoal das empresas que se mostra nos gráficos seguintes.




Gráfico 11. Porcentaxes de evolución das empresas respecto a si mesmas segundo o tamaño da empresa.

As empresas de 0-10 e de 10-50 traballadores, e dicir as de pequeno tamaño, presentan os mellores resultados, empeorando estes co aumento de tamaño da empresa; estes resultados son coherentes co observado cando se compara a evolución da empresa coa do seu sector.

EVOLUCIÓN DAS EMPRESAS EN RELACIÓN Á EVOLUCIÓN DO SEU SECTOR

Se pretende reflectir a evolución da sinistralidade nas empresas con respecto a evolución da sinistralidade no seu sector. Para iso aplícase coma **indicador** un cociente de índices:

$$(Indicador\ sectorial) = \frac{ii_empresa_2010 / ii_sector_2010}{ii_empresa_orixe / ii_sector_orixe}$$

A **táboa** seguinte reflicte a evolución dos índices de incidencia das empresas, agrupadas por sectores, con respecto aos índices de incidencia do seu sector no ámbito territorial (Galicia), comparando a dita relación no ano 2010 coa relación no ano de inclusión no Plan, establecendo **categorías** coma “0,00-0,25”: empresas que se comportaron moito mellor que o seu sector, ou “2,00-3,00”: empresas que se comportaron moito peor que o seu sector. **O cociente “1” indica as empresas con evolución igual que o seu sector.** O grupo “0” non tivo accidentes ao final do período considerado.

POR SECTORES						TOTAL
Indicador sectorial	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI	
0	1	3	69	31	31	135
0,00-0,25	0	4	47	21	27	99
0,25-0,50	3	4	66	37	38	148
0,50-0,75	0	2	62	28	39	131
0,75-1,00	0	3	50	12	31	96
1,00-1,25	0	1	42	4	12	59
1,25-1,50	1	2	23	6	7	39
1,50-1,75	0	4	16	1	7	28
1,75-2,00	0	0	15	2	6	23
2,00-3,00	0	1	29	4	9	43
>3,00	1	3	11	5	14	34
	6	27	430	151	221	835
	0,72%	3,23%	51,50%	18,08%	26,47%	100%
melloran	4	16	294	129	166	609
	66,67%	59,26%	68,37%	85,43%	75,11%	72,93%
	0,66%	2,63%	48,28%	21,18%	27,26%	100%
empeoran	2	11	136	22	55	226
	33,33%	40,74%	31,63%	14,57%	24,89%	27,07%
	0,88%	4,87%	60,18%	9,73%	24,34%	100%

Táboa 01. Indicador da evolución dos índices de incidencia das empresas en relación coa incidencia do seu sector.

Da táboa anterior obtense que das 835 empresas, o 72,93% (609) melloraron a súa relación cos índices de incidencia sectoriais, e que o 27,07% (226) empeoraron a súa relación cos índices de incidencia sectoriais.

A maior frecuencia de empresas que melloran dáse no tramo 0,25-0,50 (con 148 empresas) o que significa que neste 18% das empresas, o seu índice de incidencia tivo unha evolución de 2 a 4 veces mellor que a do seu sector.

Séguenlle as empresas que reduciron a relación a 0 (0 accidentes) (con 135 empresas), e logo as que diminuíron a súa relación a 0,50-0,75 (con 131 empresas). E dicir que a maioría das empresas que melloran o fixeron dunha forma significativa.

A maior frecuencia das empresas que empeoran dáse nas que aumentan a súa relación a 1,00-1,25 (con 59 empresas), e dicir que as que empeoran (indicador > 1), non empeoran moito. Todo isto pode observarse no gráfico de columnas seguinte, no que canto máis á esquerda, mellor é a evolución, e viceversa.




Gráfico 03. Distribución das empresas por sectores e valores do seu indicador de evolución.

No tocante ao **comportamento por sectores**, lembrar de novo que a distribución que ofrecen as empresas seleccionadas presenta grandes diferenzas porcentuais e non reflicten a distribución de empresas no total Galicia.




Gráfico 04. Porcentaxes de evolución das empresas segundo o sector.

En todos os sectores, a porcentaxe de empresas que melloran é maior que a das que empeoran. Construción e servizos presentan os mellores resultados, e agricultura e pesca (os sectores menos representados) os peores. Compre lembrar de novo que esta evolución a mellor ou peor é en relación coa evolución do sector, e non se refire á evolución individual de cada empresa.

O comportamento por tamaños das empresas, en relación aos índices de incidencia do seu sector, sempre no período considerado, dende a inclusión no Plan ate finais de 2010, analízase na táboa e gráficos seguintes:

POR TAMAÑO DAS EMPRESAS					TOTAL
Indicador sectorial	0-10	10/50	50/250	>250	
0	40	84	11	0	135
0,00-0,25	20	61	16	2	99
0,25-0,50	21	100	27	0	148
0,50-0,75	16	72	41	2	131
0,75-1,00	6	49	33	8	96
1,00-1,25	4	34	17	4	59
1,25-1,50	7	20	11	1	39
1,50-1,75	3	12	10	3	28
1,75-2,00	3	12	7	1	23
2,00-3,00	2	18	18	5	43
>3,00	1	17	13	3	34
	123	479	204	29	835
	14,73%	57,37%	24,43%	3,47%	100%
melloran	103	366	128	12	609
	83,74%	76,41%	62,75%	41,38%	72,93%
	16,91%	60,10%	21,02%	1,97%	100%
empeoran	20	113	76	17	226
	16,26%	23,59%	37,25%	58,62%	27,07%
	8,85%	50,00%	33,63%	7,52%	100%

Táboa 02. Indicador da evolución dos índices de incidencia das empresas segundo o tamaño das mesmas.

As empresas de 0-10 e de 10-50 traballadores, e dicir as de pequeno tamaño, presentan maior porcentaxe de empresas que melloran con respecto ao seu sector; por contra, son as empresas de 50-250 traballadores e de >250 traballadores, e dicir as de maior tamaño, as presentan maior porcentaxe de empresas que empeoran, en relación coa evolución do seu sector.




Gráfico 06. Porcentaxes de evolución das empresas segundo o tamaño.

Pódese observar na gráfica de barras seguinte, como a distribución das empresas ten moito máis peso cara a esquerda, que é a zona de mellora.




Gráfico 08. Distribución das empresas por tamaño e valores do seu indicador de evolución.

ANÁLISE DA EVOLUCIÓN AGRUPADA POR SECTORES

Cando nas táboas aparecen escurecidos algúns cadros, é porque non existen datos: por non terse seleccionado empresas nese sector e/ou Plan, ou ben se obtiveron eses datos por interpolación para debuxar as gráficas, polo que non son significativos.

Pódese comprobar a evolución, entre o ano de inclusión no plan e o ano 2010, do número de accidentes e dos índices de incidencia para as empresas de cada Plan de Loita, tendo en conta o total das empresas nos tres anos considerados, e para o conxunto de Galicia, sempre desglosados por sectores produtivos.

REDUCIÓN DOS ACCIDENTES

Produciuse unha diminución dos accidentes nas empresas de todos os Plans en todos os sectores.

ACCIDENTES ANO ORIXE							
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI		TOTAL
2008	31	22	2139	147	1145		3484
2009	0	36	1105	546	836		2523
2010	18	74	1163	343	534		2132
	49	132	4407	1036	2515		8139

Táboa 08. Accidentes das empresas dos Plans de Loita segundo sector ano de orixe.

ACCIDENTES ANO 2010							
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI		TOTAL
2008	3	19	1298	53	943		2316
2009	0	24	555	224	558		1361
2010	8	52	697	185	299		1241
	11	95	2550	462	1800		4918

Táboa 09. Accidentes das mesmas empresas no ano 2010.

DIFERENZAS ACCIDENTES 2010 / ANO ORIXE							
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI		TOTAL
2008	-28	-3	-841	-94	-202		-1168
2009	0	-12	-550	-322	-278		-1162
2010	-10	-22	-466	-158	-235		-891
	-38	-37	-1857	-574	-715		-3221

Táboa 10. Diferenzas no número de accidentes das empresas dos Plans de Loita respecto o ano orixe segundo sector.




Gráfico 18. Diferenzas dos accidentes nas empresas dos Plans en relación ao ano de orixe.

REDUCCIÓN DOS ÍNDICES DE INCIDENCIA

Tamén diminúen os índices en todos os sectores para todas as empresas de cada plan por separado e para o conxunto dos 3 Plans de Loita considerados. Para poñer en contexto, indícanse en primeiro lugar os índices de incidencia sectoriais dos anos do período considerado, para o conxunto das empresas galegas.

	INDICES POR SECTORES ANUAIS GALICIA					
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI	TOTAL
S2007	6362	2568	10892	12062	3424	5920
S2008	5740	3409	10886	11263	3426	5797
S2009	5392	3495	8350	9371	3032	4766
S2010	6076	3653	7889	9206	2929	4549

Táboa 13. Índices de incidencia das empresas de Galicia segundo sector.

INDICES EMPRESAS POR SECTORES PLAN ANO 2010						
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI	TOTAL
P2008 S2007	3614	18447	10102	9331	8084	9166
P2009 S2008		17910	10417	11517	12028	11298
P2010 S2009	11765	13472	13153	9676	8482	11090
	7285	15249	10862	10441	9078	10139

Táboa 11. Índices de incidencia das empresas dos Plans de Loita segundo sector.

INDICES EMPRESAS POR SECTORES PLAN ANO ORIXE						
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI	TOTAL
P2008 S2007	12757	20755	15112	20276	10338	13245
P2009 S2008		19251	18786	24584	15548	18461
P2010 S2009	35294	19023	22591	18867	16974	20205
	16667	19355	17499	21746	12832	16109

Táboa 12. Índices de incidencia das empresas dos Plans de Loita segundo sector.

DIFERENZAS ÍNDICES EMPRESAS POR SECTOR 2010/ANO ORIXE						
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI	TOTAL
P2008 S2007	-9143	-2308	-5010	-10945	-2254	-4079
P2009 S2008		-1341	-8369	-13067	-3519	-7162
P2010 S2009	-23529	-5552	-9438	-9191	-8492	-9114
TOTAIS	-9382	-4106	-6637	-11306	-3755	-5970

Táboa 14. Diferenzas dos índices de incidencia das empresas dos Plans de Loita respecto o ano orixe segundo sector.




Gráfico 21. Diferenzas entre os índices de incidencia das empresas do ano 2010 co ano de orixe.

TRABALLADORES

Pódese comprobar como diminúe o emprego nas empresas dos Plans en todos os sectores agás no sector Servizos, onde aumenta lixeiramente.

TRABALLADORES ANO 2010						
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI	TOTAL
2008	83	103	12849	568	11665	25268
2009	0	134	5328	1945	4639	12046
2010	68	386	5299	1912	3525	11190
	151	623	23476	4425	19829	48504

Táboa 05. Traballadores contratados nas empresas dos Plans de Loita segundo sector no ano 2010.

TRABALLADORES ANO ORIXE						
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI	TOTAL
2008	243	106	14154	725	11076	26304
2009	0	187	5882	2221	5377	13667
2010	51	389	5148	1818	3146	10552
	294	682	25184	4764	19599	50523

Táboa 06. Traballadores contratados nas empresas dos Plans de Loita segundo sector no ano de orixe.

DIFERENZAS	TRABALLADORES 2010 / ANO ORIXE					
	PESCA	AGRIC	INDUS	CONST	SERVI	TOTAL
2008	-160	-3	-1305	-157	589	-1036
2009	0	-53	-554	-276	-738	-1621
2010	17	-3	151	94	379	638
	-143	-59	-1708	-339	230	-2019

Táboa 07. Diferenzas no número de traballadores das empresas dos Plans de Loita respecto o ano orixe segundo sector.




Gráfico 15. Diferenzas dos traballadores contratados nas empresas nos Plans en relación ao ano de orixe.

REPRESENTACIÓN DA EVOLUCIÓN

Representarase graficamente, e por sector, a comparativa entre a evolución dos índices de sinistralidade das empresas dos distintos plans de loita, e a evolución dos índices do conxunto de empresas de Galicia do mesmo sector, onde se pode observar o seu comportamento relativo.

		2007	2008	2009	2010
PESCA	P2008 S2007	12757			3614
	P2009 S2008				
	P2010 S2009			35294	11765
	GALICIA	6362	5740	5392	6076
AGRICULTURA	P2008 S2007	20755			18447
	P2009 S2008		19251		17910
	P2010 S2009			19023	13472
	GALICIA	2568	3409	3495	3653
INDUSTRIA	P2008 S2007	15112			10102
	P2009 S2008		18786		10417
	P2010 S2009			22591	13153
	GALICIA	10892	10886	8350	7889
CONSTRUCCIÓN	P2008 S2007	20276			9331
	P2009 S2008		24584		11517
	P2010 S2009			18867	9676
	GALICIA	12062	11263	9371	9206
SERVICIOS	P2008 S2007	10338			8084
	P2009 S2008		15548		12028
	P2010 S2009			16974	8482
	GALICIA	3424	3426	3032	2929
TOTAL	P2008 S2007	13245			9166
	P2009 S2008		18461		11298
	P2010 S2009			20205	11090
	GALICIA	5920	5797	4766	4549

Táboa 15. Cadro xeral dos índices de sinistralidade das empresas dos plans e de Galicia.

Existe unha gráfica por cada sector produtivo e outra para o total das empresas. As liñas dos distintos plans teñen tamén distinto “percorrido”, pois van dende o ano de inicio do Plan ata o ano 2010, e dicir que se tomou como referencia a sinistralidade de cada empresa dende ano anterior á súa inclusión no Plan (Sinistralidade2008 Plan2009, por exemplo), ata o final do período considerado.




Gráfico 26. Evolución dos índices de incidencia das empresas da pesca nos Plans de Loita.

Os índices de Galicia sufriron un lixeiro repunte en 2010. Os das empresas seleccionadas converxeron cara a aquel; no caso do Plan 2008, mesmo chegaron a diminuír por debaixo dos índices do sector en Galicia. No Plan 2009 non se seleccionou ningunha empresa do sector pesca.




Gráfico 27. Evolución dos índices de incidencia das empresas da agricultura nos Plans de Loita.

Os índices de Galicia están a baixar. As gráficas das empresas seleccionadas por plans reflicten claramente como se trataba de empresas de altos índices de incidencia, que, especialmente no Plan 2010 presentaron unha baixa sustancial dos índices.




Gráfico 28. Evolución dos índices de incidencia das empresas da industria nos Plans de Loita.

Os índices das empresas seleccionadas baixaron, con especial significación tamén para as do **Plan P2010-S2009** onde se produciu unha diminución moito máis importante que a global de Galicia.




Gráfico 29. Evolución dos índices de incidencia das empresas da construción nos Plans de Loita.

Chama a atención que practicamente os índices dos tres Plans de Loita converxen cara o índice Galicia ata achegarse bastante preto: Galicia pasou de 12062 a 9206, **P2008-S2007** pasou de 20276 a 9331, **P2009-S2008** pasou de 24584 a 11517, e o **P2010-S2009** pasou de 18867 a 9676.




Gráfico 30. Evolución dos índices de incidencia das empresas dos servizos nos Plans de Loita.

Debe destacarse o rápido descenso dos índices das empresas do **P2010-S2009**, con unha converxencia moi intensa cara o índice de Galicia.




Gráfico 31. Evolución dos índices de incidencia do Total das empresas nos Plans de Loita.

As gráficas por plans reflicten claramente como se trataba de empresas de altos índices de incidencia, que agora presentan unha aproximación importante cara a liña dos índices de Galicia, aínda que persiste unha certa distancia.

Esta aproximación é mais marcada canto mais recente é o plan de que se trate. Débese destacar que esta tendencia repítese na práctica totalidade dos sectores e tamén para a gráfica do total das empresas seleccionadas nos Plans de Loita.

Se constatamos os datos no cadro: **Galicia** pasou de 5920 a 4549, **P2008-S2007** pasou de 13245 a 9166, **P2009-S2008** pasou de 18461 a 11298, **P2010-S2009** pasou de 20245 a 11090, volvendo a reiterar as consideracións sobre a [representatividade](#) das empresas escollidas en relación co total de Galicia.

SIGNIFICACIÓN DOS PLANS

Pretende reflectir tanto a representatividade das empresas seleccionadas como a evolución da sinistralidade e o emprego en relación co conxunto do ámbito territorial (Galicia).

Nas dúas táboas seguintes indícase número de Traballadores e de Accidentes que tiveron as empresas dos distintos Plans de Loita, así como a porcentaxe que supoñen sobre o total de Galicia, para os anos estudados. Para valorar a significación a fin deste período, e dado que en cada plan se incorporaron empresas novas, exprésase o sumatorio final de traballadores e accidentes afectados polos plans. Como se viu, ao abranguer un lapso de tres anos, a orixe, dependendo da empresa, data de 2008, 2009 ou 2010; por ilo, aos efectos de poder establecer comparanzas xenéricas, para os datos totais de Galicia utilizarase o promedio do período.

		S2007 P2008	S2008 P2009	S2009 P2010	PERÍODO	S2010	DIF.	VARIAC.
GALICIA	TRAB	875813	869274	829090	858059	807466	-50593	-5,90%
	ACC	51848	50393	39517	47253	36733	-10520	-22,26%
PLANS	TRAB	26304	13667	10552	50523	48504	-2019	-4,00%
	ACC	3484	2523	2132	8139	4918	-3221	-39,57%
%	TRAB	3,00%	1,57%	1,27%	5,89%	6,01%	0,12%	2,02%
	ACC	6,72%	5,01%	5,40%	17,22%	13,39%	-3,84%	-22,27%

Táboa 16. Datos do número de traballadores e accidentes nas empresas dos plans e do conxunto de Galicia.

Durante o período de duración dos Plans, o número de traballadores reduciuse en Galicia nun 5,90% (50.593 traballadores do total inicial de 858.059), mentres que no conxunto das empresas dos Plans de Loita reduciuse nun 4,00% (2019 traballadores do total inicial de 50.523).

Nese mesmo período, o número de accidentes reduciuse en Galicia nun 22,26% (10.520 accidentes do total inicial de 47.253), mentes que no conxunto das empresas dos Plans de Loita reduciuse nun 39,57% (3.221 accidentes do total inicial de 8.139).

Así, o conxunto das empresas dos Plans representaba en orixe o 17,22% (8.139 accidentes do total de 47.253) con unha porcentaxe de traballadores de 5,89% (50.523 traballadores do total de 858.059), mentes que no ano 2010 estas ratios melloran ata chegar a representar unha porcentaxe de accidentes do 13,39% (4.918 accidentes do total de 36.733) cunha porcentaxe de traballadores do 6,01% (48.504 traballadores do total de 807.466).

Isto supón un mellor comportamento relativo no referente ao mantemento do emprego e a redución da sinistralidade, con respecto ao total de Galicia; deben terse en conta [as reiteradas referencias a representatividade](#) das empresas dos plans con respecto ao total de empresas de Galicia.




Gráfico 32. Reducción dos accidentes nas empresas dos Plans.




Gráfico 33. Reducción dos accidentes nas empresas de Galicia.

RESUMO E CONCLUSIÓN:

Comportamento dos índices de sinistralidade das empresas

- 1) Das 835 empresas, 682 melloraron os seus índices de sinistralidade: o 81,7 %.
- 2) As 153 restantes empeoraron os seus índices de sinistralidade: o 18,3 %.

Comportamento dos índices das empresas en relación cos índices sectoriais

- 3) Das 835 empresas, 609 melloraron máis que o seu sector: o 72,9 %.
- 4) As 226 restantes empeoraron en relación cos índices sectoriais: o 27,1 %.

Estas empresas supuñan, no orixe dos plans, o 5,89% dos traballadores de Galicia cun 17,22% dos accidentes, mentres que no ano 2010 representaban un 6,01% dos traballadores, con soamente un 13,39% dos accidentes de Galicia, coa redución de índices concomitante.

Entre as que non melloran, é maior a porcentaxe para empresas de tamaño grande, e consecuentemente, é máis alta a porcentaxe de empresas de tamaño pequeno que melloran. Isto indica que a efectividade deste tipo de actuacións é maior nas pemes e microempresas, podendo haber explicacións diversas: maior facilidade de adaptacións e cambios, mellor nivel de integración preventiva, etc.

É salientable tamén o mellor comportamento deste grupo de empresas con respecto ao global de Galicia en canto o mantemento do emprego, que no conxunto de Galicia supuxo unha media de baixada do emprego dun 5,90% fronte a un descenso no emprego dun 4% das empresas dos Plans de Loita.

Por sectores, o da construción comportouse relativamente mellor que o da Industria, posto que melloran con respecto aos índices sectoriais nunha porcentaxe mais elevada en relación co seu peso relativo na mostra.

Nas gráficas pódese observar, en xeral, que as empresas seleccionadas nos Plans teñen altos índices de incidencia (motivo polo que se seleccionaron) e van converxendo sensiblemente cara os índices de incidencia do total de empresas do ámbito territorial (Galicia).

A valoración global dos Plans de actuación é, por tanto, positiva, posto que comparando a evolución do índices de incidencia das empresas seleccionadas nos distintos plans, tanto consigo mesmas, como cos seus sectores resulta que se comportaron, en conxunto, mellorando máis rapidamente que o fixeron os seus sectores, chegando a converxer incluso en algúns casos con estes índices sectoriais ou territoriais. O motivo desta mellora é atribuíble á influencia dos Plans de Loita contra a sinistralidade laboral, que é o elemento diferencial que incidiu sobre estas empresas, tratándose dun conxunto significativo (835), como para poder extraer esta conclusión. Polo tanto pódese inferir que os plans de Loita son instrumentos que axudaron a que as empresas incluídas neles experimentaran unha evolución significativamente máis positiva que a media das empresas de Galicia, se ben é certo que é tanto máis sinxelo mellorar canto máis baixo e o nivel de partida.